

# CARTA A ASOCIACIÓNS



Estimada Asociación:

dirixímonos a vós mediante esta carta solicitando a vosa colaboración, á vez que ofrecemos a nosa, pra levar adiante os vosos proxectos, inquiredanzas, necesidades e demais campos nos que sexamos de axuda.

Dende a AER entendemos que **as Asociacións sodes fundamentais** no noso programa de participación cidadá, tedes que ser escoitadas e ofrecémonos pra ser a vosa voz no Concello.

Dende os nosos principios de **transparencia e participación**, entendemos que a colaboración entre Concello e Asociacións debe axustarse a uns criterios e protocolos claros e coñecidos, pra que a distribución das axudas non dependa de afinidades e/ou amizades. Para elaborar ditos criterios **queremos contar coas vosas propostas**.

O primeiro paso a dar é coñecernos e fixar as canles de comunicación: correos electrónicos, persoas de contacto, lugares e periodicidade das reunións, etc.

Agardando as vosas propostas e a vosa participación nas vindeiras asembleas abertas que convoquemos, recibide un saúdo da A.E.R.

Redondela, a 15 de Xuño de 2011

Contacto: [info@aredondela.com](mailto:info@aredondela.com) ou 647126712